

De conformidade coa Orde do 31 de decembro de 2017 (DOG núm. 26, do 6 de febreiro de 2018), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2018, segundo o establecido no seu artigo 8, pola Resolución do 19 de abril de 2018 da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación (en adiante, Gain) publicouse a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

Detectado un erro material nesta resolución, a Secretaría Xeral de Universidades e a Gain,

RESOLVEMOS:

Admitir a solicitude de apoio á etapa predoutoral que se relaciona a continuación, como consecuencia da emenda dun erro material, e polo tanto modificar a Resolución do 19 de abril de 2018 e incluíla na lista de solicitudes admitidas.

Nº Expediente	Entidade	1º Apellido	2º Apellido	Nome	DNI/NIE	Modalidade	Zona	Rama de coñecemento
IN606A-2018/017	Fundación Profesor Novoa Santos	Vázquez	Ucha	Juan Carlos	*****203F	B	3	Ciencias da Saúde

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG, ou a presidencia da Gain, no caso de solicitudes presentadas polas demais entidades, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

O secretario xeral de Universidades


José Alberto Díez de Castro

A directora da Axencia Galega de Innovación


Patricia Argerey Vilar